ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA**
**PU21006**

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Webinario Os fondos para a recuperación, transformación e resiliencia: análise desde o punto de vista da contratación pública e outras fórmulas non contractuais

**CONVOCATORIA:** Webinario Os fondos para a recuperación, transformación e resiliencia

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CUALIFICACIÓN:** | ASISTENCIA | **PLAN:** | FONDOS EGAP | **HORAS:** | 3 |
| **ADMINISTRACIÓN:** | AU\|LO | **ESTADO:** | CONVOCADO | **ANO:** | 2021 |
| **MOD.IMPARTICIÓN:** | TELEFORMACIÓN | **TIPOLOXÍA:** | DIVULGACIÓN | **EDICIÓNS:** | 1 |

**DATA MATRÍCULA:** Do 23/02/2021 - 08:00h ao 02/03/2021 - 23:55h

**RESPONSABLE:** OLIETE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Convocatoria: DOG núm. 35, do 22 de febreiro e Corrección de erros do 23 de febreiro.

Os novos fondos para a recuperación, transformación e resiliencia supoñen a apertura dunha xanela de oportunidade en moitos ámbitos.

A pandemia da COVID-19 cambiou as perspectivas económicas dos próximos anos na Unión Europea. Para facer fronte á crise económica non só se aprobou un novo marco financeiro plurianual senón tamén un novo paquete de fondos (Next Generation) e, en particular, o instrumento do mecanismo de recuperación e resiliencia que supoñerán para España uns 140.000 millóns de euros.

Así mesmo, xa se incluíron nos orzamentos xerais do Estado partidas para a súa exe-cución e aprobouse unha norma para este efecto, o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro.

A conferencia pretende expoñer de forma práctica os principais elementos deste real decreto e analizar os aspectos máis relevantes: os proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (Pertes), o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, as posibilidades de colaboración público-privada, os cambios na contratación pública e outras fórmulas non contractuais.

### DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.

### PROGRAMA

Este seminario web abordará os seguintes contidos:
• Introdución á nova normativa e directrices básicas.
• Os Pertes. Que son, requisitos de deseño, proceso de aprobación.
• O Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
• Resumo de fitos e datas claves.
• As manifestacións de interese.
• A elección, redacción de proxectos e procedementos.
• Requisitos para a presentación dos proxectos.

• Sociedades de economía mixta.
• Agrupacións.
• A contratación pública no Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e na Lei de orzamentos xerais do Estado. Impacto e recomendacións prácticas. Fórmulas contractuais e non contractuais.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN**

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS**

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Unión Europea) e despois seleccionar, en nome do curso, Webinario Os fondos para a recuperación, transformación e resiliencia.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### TELEPRESENZA

| | | |
|---|---|---|
| **LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN | | **INICIO / FIN:** 09/03/2021 a 09/03/2021 |
| **NUM. PRAZAS:** 60 | **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) | **DATA EXAME:** |

**DOCENTES NOMEADOS**

FRANCISCO JAVIER VAZQUEZ MATILLA SLU

**LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME**

**Sala telepresenza:** O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

**Sala telepresenza:** O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

**Sala telepresenza:** O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

**Sala telepresenza:** O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

**Sala telepresenza:** O día 09 de marzo de 11:30 a 14:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual